

ELES TRANSPORTAN A MORTE

Helena Girón, Samuel M. Delgado, 2021

931

ESTREA EN NUMAX: 13.05.2022 | V.O. | +7 | 75min

1492. Entre a tripulación de Cristóbal Colón viaxan tres homes que deberían estar mortos. Consequiron evitar as súas condenas a morte participando nesa incerta viaxe, pero ao chegar ás Illas Canarias, foxen cargados cunha das velas da embarcación.

«Unha sátira política valente da
versión oficial da historia»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Entrevista con Helena Girón e Samuel M. Delgado: «Tentamos atopar un equilibrio entre o narrativo e o sensorial»

Por Carlos Losilla

Como conxugastes a parte narrativa e contemplativa do filme? Helena Girón

[HG]: Queríamos falar un pouco desa economía, dese sistema que nace co capitalismo no século XV e que non sería posible sen a colonización española, por unha banda, e o adoutramento correspondente, sobre todo no caso das mulleres, pola outra. E facelo sempre desde o emocional. A idea era como representar, como encarnar algo que nos emociona nun nivel plástico e estético. Non só queríamos empregar a lóxica racional senón tamén as ferramentas que puideramos atopar para xerar unha viaxe máis perceptiva.

Samuel Delgado [SD]: Do épico asociado á masculinidade e do trágico asociado á feminidade pasamos a unha desaparición progresiva desas dúas constantes, o que permitiu a entrada de construcións narrativas máis sensoriais, sensuais, mesmo epidérmicas. Entre o narrativo e o sensorial, tentamos atopar un equilibrio na montaxe. Algo difícil porque son dous elementos que non conviven moi doadamente.

É un filme de texturas, que veces se integran entre si de maneira moi violenta, por exemplo cheo de vexetación contra a paisaxe rochosa... **SD:** No noso traballo previo xa experimentamos moito con este tipo de cousas. Por unha vez, agora tiñamos algunha que outra certeza, pero tamén moitas dúbidas sobre como ían convivir todos estes elementos. No tocante á textura narrativa, queríamos que tivese unha gradación para que existise un desenvolvemento. Unha viaxe caracterízase pola diversidade de espazos polos que transita. Na rodaxe nas Canarias isto foi máis difícil de facer porque alí temos elementos naturais moi diferentes, polo que conseguimos que no filme existise unha sensación de percorrido. En Galicia, tratábase de reflectir unha viaxe máis interior. En canto ás texturas plásticas, teñen algo de musical: tiñan que convivir harmonicamente pero tamén con algunha que outra disonancia, non moita, pero todo debía fluír de xeito orgánico. Tiñamos moitos elementos sobre a mesa e foi unha montaxe onde compuxemos a partitura final.

Onde se situarían, nese sentido, o momento en que aparecen as imaxes de Alba de América (Juan de Orduña, 1951)? **HG:** Tratábase dun desvío que nos permitise apropiarnos dese material, concibido para cantar as fazañas dos conquistadores e sobre todo da figura de Colón entendida como a dun grande heroe, para transformarnos noutra.

Por que decidiron que na parte política aflore máis explicitamente ao final da voz en off, os rótulos, etc.? **SD:** Para nós todo debía ter unha lóxica progresiva. Partimos dunha ficción e esta ficción vaise enrarecendo a medida que evoluciona. Todo se vai esfarelado, chega a un punto no que domina a inverosimilitude e, cando xa entra en caída libre, intervéñ unha caste de distanciamento *brechtiano* para nos dicir: isto é unha ficción e o relato que até o de agora tiñamos de todo tamén o é. A cita de Jules Michelet ao final, dalgunha maneira, é unha sorte de milagre que intervéñ para salvalo todo. Emocionánnos moitos as películas de milagres, emocionánnos moito Dreyer...

HG: Por isto todo ten que ver tamén cos filmes que nos gustan, que nos emocionan. Ao mellor vemos filmes máis analíticos e non nos inflúen tanto.



W.I.T.C.H. (Conspiración Terrorista Internacional de las Mujeres del Infierno),
La Felguera Ediciones

El Calibán y la bruja: Mujeres, cuerpo y acumulación originaria,
Silvia Federici.
Traficantes de Sueños, 2010

Vigilar y castigar,
Michel Foucault.
Siglo veintiuno editores, 1975